



QUE VANTAXES TEN?

A tarxeta acredita de forma sinxela que unha persoa ten algunha discapacidade.

Tamén **terá outras vantaxes** que a Consellería de Política Social publicará todos os anos no apartado de Benestar da súa páxina web:

<http://benestar.xunta.es/web/portal/portada-de-discapacidade>

QUEN PODE OBTEN A TARXETA?

Todas aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% poden ter a tarxeta.

QUEN PODE UTILIZAR A TARXETA?

Esta tarxeta é **persoal e intransferible**. Soamente a poden utilizar o titular ou a persoa que o representa. **É válida en toda España.**

A tarxeta **substitúe para certas xestións ó documento en papel (resolución)** que se utilizaba antes. Nalgúns trámites seguirá sendo necesaria a presentación da resolución que se viña empregando ata o de agora.

Para utilizala, **deberase presentar tamén o DNI ou documentos correspondentes** como o pasaporte, o certificado literal de nacemento (se o titular é menor de 14 anos) ou o número de identificación do estranxeiro.

COMO SE OBTÉN?

Hai dúas maneiras de obter esta tarxeta:

1. **De oficio:** A tarxeta expedirase de oficio para aquelas persoas cuxa resolución de recoñecemento ou de revisión do grao de discapacidade teña lugar a partir do 5 de agosto.

2. Por solicitude:

É recomendable solicitar a tarxeta por vía electrónica no seguinte enderezo web: <https://sede.xunta.es/portada>

Xa na web, debe indicarse no buscador o código de procedemento: **BS611B**

A tarxeta expedirase a todas aquelas persoas que teñan recoñecido un grao de discapacidade igual ou superior ó 33% e que a soliciten a partir do 5 de agosto **por petición expresa** (Modelo ANEXO II)

Tamén se pode solicitar en caso de perda ou roubo (Modelo ANEXO III)

Documentación necesaria para a solicitude: (no caso de autorizar a consulta dos datos non é preciso presentar ningún documento. Só a solicitude cuberta)

1. **Fotocopia compulsada do DNI do solicitante ou do representante legal** para a consulta dos datos de identidade. Tamén é posible autorizar ó órgano que tramita a solicitude o acceso a eses datos.
2. **Certificado de empadramento do concello de residencia do solicitante** para a consulta dos datos de residencia. Tamén é posible autorizar ó órgano que tramita a solicitude o acceso a eses datos.
3. De ser o caso, **Autorización de representación** (Anexo IV) debidamente cumprimentado.
4. **Fotocopia compulsada do recoñecemento do grao de discapacidade** para a consulta dos datos. Tamén é posible autorizar ó órgano que tramita a solicitude o acceso a eses datos.
5. Nos casos de perda ou roubo da tarxeta, presentarase a **copia da denuncia** presentada ante a autoridade competente.

ONDE ENTREGAR A SOLICITUDE?

- Por vía electrónica a través do formulario electrónico
- Por correo á Consellería Política Social - Dirección Xeral de Maiores e persoas con Discapacidade
- En calquera Rexistro (Xunta, subdelegación do Goberno, Deputación...)

CAL É A VIXENCIA DA TARXETA?

A tarxeta pode ser **definitiva ou temporal**. A súa vixencia aparece na propia tarxeta.